

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**5494** *Real decreto 342/2010, do 19 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 664/2007, do 25 de maio, polo que se regula a alimentación de aves rapaces necrófagas con subprodutos animais non destinados a consumo humano.*

Mediante o Real decreto 664/2007, do 25 de maio, polo que se regula a alimentación de aves rapaces necrófagas con subprodutos animais non destinados a consumo humano, aplicouse en España a Decisión 2003/322/CE da Comisión, do 12 de maio de 2003, sobre a aplicación das disposicións do Regulamento (CE) n.º 1774/2002, relativas á alimentación das especies das aves necrófagas con determinados materiais da categoría 1.

O Regulamento (CE) n.º 999/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de maio de 2001, polo que se establecen disposicións para a prevención, o control e a erradicación de determinadas encefalopatías esponxiformes transmisibles, establece no seu artigo 6 que aqueles Estados membros que poidan demostrar conforme determinados criterios a mellora da súa situación epidemiolóxica, mediante a presentación dunha análise de risco global, así como a súa capacidade para determinar a eficacia das medidas adoptadas e garantir a protección da saúde humana e animal, poderán solicitar unha revisión dos seus programas anuais de seguimento da encefalopatía esponxiforme bovina.

O 20 de xuño de 2008 publicouse o Regulamento (CE) n.º 571/2008 da Comisión, do 19 de xuño de 2008, que modifica o anexo III do Regulamento (CE) n.º 999/2001, do Parlamento Europeo e do Consello, en canto aos criterios de revisión dos programas anuais de seguimento da encefalopatía esponxiforme bovina.

Con base neste regulamento, España enviou a súa solicitude para a revisión do dito programa o 9 de setembro de 2008. Neste documento demostrase que a situación epidemiolóxica do país mellorou notablemente, polo que se pon de manifesto a eficacia das medidas de vixilancia e control aplicadas. Por outra parte, realizouse unha exhaustiva análise de riscos, baseada en indicadores epidemiolóxicos propostos pola Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria; nesta análiseponse de manifesto que un programa de seguimento revisado da encefalopatía esponxiforme bovina tamén garantiría a protección da saúde das persoas e dos animais.

O grupo de expertos da Comisión e a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria que examinaron a solicitude de España conclúen que «O resultado da análise de risco presentado por España, que segue un estudo de cohortes, usando dous diferentes escenarios tal e como describe a Comisión e a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria, indica que o número de casos esperados para cada un dos grupos de idade estudados é menor de un, tanto nas poboacións de bovinos sans sacrificados para consumo humano como na poboación de animais de risco; e a maior posibilidade de detectar novos casos positivos está a partir do tramo de 48-72 meses». Non existe ningunha indicación ou evidencia de que se producise ningún empeoramento da situación en España.

De acordo co anterior, mediante a Decisión 2008/908/CE da Comisión, do 28 de novembro de 2008, pola que se autorizan determinados Estados membros para revisaren o seu programa anual de seguimento da encefalopatía esponxiforme bovina, posibilitouse que en España e noutros Estados membros se revisase o programa anual de seguimento para cubrir, como mínimo, todos os bovinos de máis de 48 meses de idade. Posteriormente, a lista de Estados membros ampliouse mediante a Decisión 2009/719/CE da Comisión, do 28 de setembro de 2009, pola que se autorizan determinados Estados membros para revisaren os seus programas anuais de seguimento da encefalopatía esponxiforme bovina, que

derrogou e substituíu a citada Decisión 2008/908/CE, da Comisión, do 28 de novembro de 2008.

Para lograr a completa adecuación das medidas seguidas en vixilancia da encefalopatía esponxiforme bovina, e con base na análise de risco realizada, é preciso adecuar a idade de revisión dos animais bovinos destinados á alimentación de aves rapaces necrófagas coa do resto de grupos, co fin da debida uniformidade do programa de vixilancia. Desta maneira, ao igual que se levou a cabo a modificación dos límites de idade en función da cal deben realizarse as probas de detección da encefalopatía esponxiforme bovina para os animais mediante a Orde PRE/1431/2009, do 29 de maio, pola que se modifica o anexo II do Real decreto 3454/2000, do 22 de decembro, polo que se establece e regula o programa integral coordinado de vixilancia e control das encefalopatías esponxiformes transmisibles dos animais, en función de que os animais proveñan ou non de Estados membros incluídos no ámbito da Decisión 2008/908/CE da Comisión, do 28 de novembro de 2008, realízase a mesma consideración para os destinados á alimentación das rapaces necrófagas, en prol da comentada uniformidade epidemiolóxica, facendo xa mención á Decisión 2009/719/CE da Comisión, do 28 de setembro de 2009.

Este real decreto dítase en virtude da habilitación contida na disposición derradeira quinta da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e ao abeiro do artigo 149.1, regras 16.<sup>a</sup> e 23.<sup>a</sup> da Constitución, polas que se atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade e lexislación básica sobre protección do ambiente, respectivamente.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades máis representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, e da ministra de Sanidade e Política Social, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de marzo de 2010,

#### DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 664/2007, do 25 de maio, polo que se regula a alimentación de aves rapaces necrófagas con subprodutos animais non destinados a consumo humano.*

O Real decreto 664/2007, do 25 de maio, polo que se regula a alimentación de aves rapaces necrófagas con subprodutos animais non destinados a consumo humano, queda modificado como segue:

Un. A actual disposición derradeira segunda pasa a numerarse como terceira e introdúcese unha nova disposición derradeira segunda co seguinte contido:

«Disposición derradeira segunda. *Facultade de modificación.*

Facúltanse os ministros de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, e de Sanidade e Política Social, para modificaren, no ámbito das súas respectivas competencias, o contido do anexo para a súa adaptación á normativa comunitaria.»

Dous. As letras a) e b) do número 1 da parte I do anexo substitúense polas seguintes:

«a) Cadáveres enteiros, aínda que conteñan material especificado de risco, de animais das especies ovina e cabrúa menores de 18 meses de idade e, no caso da especie bovina, das seguintes idades:

1.º Menores de 48 meses se se trata de animais nados en España ou nados no resto de países recollidos no anexo da Decisión 2009/719/CE da Comisión, do 28 de setembro de 2009, pola que se autorizan determinados Estados membros para

revisaren os seus programas anuais de seguimento da encefalopatía esponxiforme bovina, sacrificados inicialmente para consumo humano ou sacrificados no marco da execución do Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais, sempre que neste último caso non presenten signos clínicos da enfermidade, e que finalmente se destinen para a alimentación das necrófagas reguladas nesta norma.

2.º Menores de 30 meses de idade se se trata de animais nados en países non recollidos no anexo da Decisión 2009/719/CE da Comisión, do 28 de setembro de 2009, sacrificados inicialmente para consumo humano ou sacrificados no marco da execución do Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais, sempre que neste último caso non presenten signos clínicos da enfermidade.

3.º No resto dos casos, menores de 36 meses de idade se se trata de animais nados en España ou nados no resto de países recollidos no anexo da Decisión 2009/719/CE da Comisión, do 28 de setembro de 2009, e menores de 24 meses de idade se naceron en países non recollidos no dito anexo.

b) Cadáveres enteiros de animais da especie bovina aínda que conteñan material especificado de risco, sempre que se realizase unha proba rápida de diagnóstico de encefalopatía esponxiforme transmisible con resultado negativo, en función das seguintes idades:

1.º Animais sacrificados de maneira normal para o consumo humano ou animais sacrificados no marco da execución do Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, sempre que non presenten signos clínicos da enfermidade, maiores de 48 meses de idade se se trata de animais nados en España ou nados no resto de países recollidos no anexo da Decisión 2009/719/CE da Comisión, do 28 de setembro de 2009, e maiores de 30 meses se naceron en países non recollidos no dito anexo.

2.º No resto dos casos, maiores de 36 meses de idade se se trata de animais nados en España ou nados no resto de países recollidos no anexo da Decisión 2009/719/CE da Comisión, do 28 de setembro de 2009, e maiores de 24 meses se naceron en países non recollidos no dito anexo.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de marzo de 2010.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ